

O CONVENTO DE CANEDO


SÉCULO XVIII

San Diego de Alcalá é o padrón deste edificio conventual masculino promovido pola orde franciscana que se levantou entre os anos 1715 e 1784. De autor descoñecido, aparece conformado por unha igrexa apegada a un edificio residencial constituído por tres alas de edificación que, xunto co templo, dan lugar a un claustro central cerrado.

O promotor do convento foi o Conde de Salvaterra, José Francisco Salvador Sarmiento Velasco, que cedeu o seu pazo de Canedo para transformalo en convento. A escritura de doazón asinouse en Areas o 4 de maio de 1715. No ano 1753 o mosteiro xa contaba con 19 frades e 4 leigos.

O convento é unha construción de planta cuadrangular moi austera que se organiza arredor dun claustro central proxectado no século XVIII pero moi reformado a finais do s. XIX.

A igrexa do convento, ao igual que a do convento franciscano de San Antonio de Padua (Tui), ten forma de cruz e tres naves, con cúpula semiesférica sobre o cruceiro, unha solución arquitectónica complexa que aparece en poucas ocasións nas igrexas da Diocese de Tui. No interior destaca a nave principal, organizada en tramos e cuberta por nervaduras que conflúen nunha clave central.




Escudo de cinco cruces dispostas en aspa, quizais unha referencia ás cinco chagas de Cristo

A fornela aparece flanqueada por pilastras e volutas coroadas por pináculos

Escudo dos Sarmiento (13 bezantes de ouro) e Soutomaior (3 faixas de escaques)

Unha cuberta en forma de vieira protexe a advocación do convento

O frade Diego de Alcalá soporta unha cruz coa man dereita e un ramallo de flores entre os pregues do seu hábito coa esquerda



Compromisos


O Conde de Salvaterra comprometeuse a ceder aos frades todo o terreo da súa Casa-Palacio de Canedo, a sufragar a fábrica da igrexa, da sancristía, do convento, da torre e das campás, así como a proporcionarlles todo o necesario. Tamén se obrigaba a costear os retablos, imaxes, roupas e xoias, así como a conceder ao convento algunhas pensións de 100 ducados anuais.

A cambio, os franciscanos conviñeron co nobre a celebración dunha serie de oficios relixiosos na súa memoria (misas, salves...) e a deixar construír unha cripta baixo o presbiterio para que nela se enterrasen o conde e os seus descendentes. Esta obra nunca se executou, como tampouco se chegou a labrar o escudo meirande na coroación da fachada igrexa, onde unicamente se tallou a coroa.

De Salvaterra a Pontearreas

Antes de establecerse en Canedo, os monxes franciscanos habitaban un pequeno convento situado na vila de Salvaterra de Miño. O edificio, construído no primeiro terzo do século XVII, mandouno construír Diego Sarmiento de Sotomayor, pero en 1642 foi incendiado e destruído polo exército de Portugal.

“ La vida en este convento fue muy corta. En 1642, en plena guerra entre Castilla y Portugal la villa es invadida por los portugueses.....que arrasan el convento apoderándose de las pocas alhajas que poseía, de las campanas e incluso de las piedras, que emplearon para reforzar los muros de la plaza”. Buján, J.M. (1986)



Planta da praza-forte de Salvaterra do ano 1645 onde aparece o antigo convento franciscano